

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO:** CPI CURROS ENRÍQUEZ

**CURSO:** 4º ESO

**MATERIA:** Lingua Castelá e Literatura

**DEPARTAMENTO:** Lingua Castelá e Literatura

**DATA:** Maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias.....	2
1.1. Estándares imprescindibles .....	2
1.2. Estándares de ampliación para alumnos avanzados .....	4
2. Avaliación e cualificación .....	6
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) .....	9
4. Información e publicidade .....	10

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Aplicar diferentes estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.	LCLB2.1.2. Localiza, relaciona e secuencia as informacións explícitas dos textos.
	LCLB2.1.3. Infíre a información relevante dos textos, identificando a idea principal e as secundarias, e establecendo relacións entre elas.
	LCLB2.1.4. Constrúe o significado global dun texto ou de frases do texto demostrando unha comprensión plena e detallada deste.
	LCLB2.1.5. Fai conexións entre un texto e o seu contexto integrándoo e avaliándoo criticamente, e realizando hipóteses sobre el.
B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos escritos en diferentes soportes e formatos.	LCLB2.2.5. Interpreta o sentido das palabras, expresións, frases ou pequenos fragmentos extraídos dun texto en función do seu sentido global.
B2.3. Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos ou obras literarias a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando sempre as opinións dos demais.	LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.
B2.4. Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas ou de calquera outra fonte de información impresa en papel ou dixital, integrándoos nun proceso de aprendizaxe continua.	LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.
B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	LCLB2.5.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.).
	LCLB2.5.2. Redacta borradores de escritura.
	LCLB2.5.3. Escribe textos en distintos soportes usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
	LCLB2.5.4. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas, estrutura etc.) ou coa forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación).
B2.6. Escribir textos en relación co ámbito de uso.	LCLB2.6.1. Redacta con claridade e corrección textos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.

	LCLB2.6.2. Redacta con claridade e corrección textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, adecuándose aos trazos propios da tipoloxía seleccionada.
	LCLB2.6.3. Utiliza variados organizadores textuais nos seus escritos.
	LCLB2.6.4. Resume o contido de calquera tipo de texto, recollendo as ideas principais con coherencia, cohesión e expresándoas cun estilo propio, evitando reproducir literalmente as palabra do texto.
B2.7. Valorar a importancia da lectura e a escritura como ferramentas de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal.	LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento capaz de organizar o seu pensamento.
	LCLB2.7.2. Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua, que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión.
B3.6. Explicar e describir os trazos que determinan os límites oracionais para recoñecer a estrutura das oracións compostas.	LCLB3.6.2. Recoñece a palabra nuclear que organiza sintáctica e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan ao redor dela.
B3.9. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.	LCLB3.9.1. Recoñece e utiliza a substitución léxica como un procedemento de cohesión textual.
B3.10. Recoñecer e utilizar os rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais, valorando a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada momento.	LCLB3.10.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada situación comunicativa e aplícao nos seus discursos orais e escritos.
B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes.	LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento e a evolución dos personaxes-tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico-literarios hasta a actualidade.
B4.4. Comprender textos literarios representativos desde o século XVIII aos nosos días, recoñecendo a intención do/da autora, o tema e os trazos propios do xénero ao que pertence, e relacionando o seu contido co contexto sociocultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación con xuízos persoais razoados.	LCLB4.4.1. Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura dende o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.
	LCLB4.4.2. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do autor e o contexto, o mantemento de temas e formas emitindo xuízos persoais

	razoados.
B4.6. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.	LCLB4.6.2. Aporta nos seus traballos escritos e orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia. LCLB4.6.3. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.
<b>ESTÁNDARES DE AMPLIACIÓN (PARA ALUMNOS AVANZADOS), INTEGRADOS EN TAREFAS DE REALIZACIÓN VOLUNTARIA.</b>	
B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente as producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (xestos, movementos, ollada etc.).	LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume etc.), a mirada, a colocación, a linguaxe corporal, a xestión de tempos e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.
B1.6. Aprender a falar en público en situacións formais ou informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.6.1. Realiza presentacións orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fonde de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de maneira coherente, aproveitando vídeos, gravacións ou outros soportes dixitais. LCLB1.6.3. Incorpora progresivamente palabras do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais. LCLB1.6.4. Pronuncia con corrección en claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.
B3.6. Explicar e describir os trazos que determinan os límites oracionais para recoñecer a estrutura das oracións compostas.	LCLB3.6.3. Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbiais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas inseríndoas como constituíntes doutra oración.
B4.1. Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil.	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e afeccións. LCLB4.1.2. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.

	LCLB4.1.3. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.
B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonde de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<u>Procedementos</u> : Análise das producións dos alumnos.
	<u>Instrumentos</u> : Caderno de clase. Textos e traballos escritos. (E, no caso de realización de tarefas voluntarias por parte de alumnos avanzados, vídeos gravados polos alumnos con discursos orais e comentarios de lecturas xuvenís da súa elección).
<b>Cualificación final</b>	<p>Para calcular a cualificación final de xuño aplicaremos os seguintes criterios:</p> <p>A) ALUMNOS QUE SÓ REALIZARON AS TAREFAS OBRIGATORIAS CON ESTÁNDARES IMPRESCINDIBLES:</p> <p>Os alumnos recibirán ao longo do trimestre 6 tarefas de reforzo (con estándares imprescindibles de lectura e comprensión textual, expresión escrita e comentario literario), das cales teñen que <u>escoller e realizar obrigatoriamente un mínimo de tres</u>. Tendo en conta o anterior, establecemos que</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• De 0 a 2 tarefas con estándares imprescindibles entregadas, o alumno recibirá a mesma cualificación que na segunda avaliación.</li> <li>• 3 tarefas con estándares imprescindibles entregadas: <ul style="list-style-type: none"> <li>A1) alumnos coa segunda avaliación aprobada. <ul style="list-style-type: none"> <li>○ se a media das tarefas é máis dun punto inferior á da segunda avaliación, a cualificación será a mesma que na segunda avaliación.</li> <li>○ se a media das tarefas é igual ou ata 1 punto inferior á da segunda avaliación, a cualificación final será 1 punto máis que a da segunda avaliación.</li> <li>○ se a media das tarefas é superior á da segunda avaliación: 2 puntos máis que na segunda avaliación.</li> </ul> </li> <li>A2) Se o alumno ten suspenso a segunda avaliación: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ alumno aprobará o curso coa cualificación de <b>5</b> se a media das tres tarefas é superior a 5.</li> <li>○ Se a cualificación media das tres tarefas é inferior a 5, a cualificación de xuño será a media entre a cualificación da segunda avaliación e</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>

	<p>a nota media das tres tarefas obrigatorias, redondeando á alta a partir das 6 décimas que excedan a unidade correspondente.</p> <p><b>B) ALUMNOS QUE, ADEMAIS DAS TRES TAREFAS OBLIGATORIAS, REALICEN TAREFAS VOLUNTARIAS E DE AMPLIACIÓN.</b></p> <p>Para obter a cualificación final destes alumnos, faremos sucesivamente os seguintes cálculos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ 1º: Obteremos a media aritmética das tres tarefas de reforzo (estándares imprescindibles) nas que o alumno obtivera cualificacións máis altas.</li> <li>✓ 2º: Á media obtida no punto anterior sumaremos 0,2 puntos por cada tarefa de reforzo (estándares imprescindibles de expresión escrita e literatura) que realizara voluntariamente excedendo das tres sinaladas como mínimo obrigatorio (é dicir, por unha cuarta, quinta e sexta tarefa ); ou 0,3 puntos, se a cualificación destas tarefas suplementarias é de 8 ou superior.</li> <li>✓ 3º: Sumaráselle tamén á media 0,2 puntos por cada tarefa voluntaria de ampliación (estándares non imprescindibles de gramática) que o alumno realizara; ou 0,3 se a cualificación obtida nestas tarefas é 8 ou superior.</li> <li>✓ 4º: Se o alumno fai unha tarefa voluntaria de fomento da lectura que supoña a realización dun discurso oral complexo e a gravación dun vídeo, sumarase 0,3 puntos, ou 0,4 se a cualificación é de 8 ou superior.</li> <li>✓ 5º: Unha vez calculada a suma dos conceptos anteriores (1º a 4º), aplicaremos os seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ se o resultado é máis dun punto inferior ao da segunda avaliación: mesma nota ca na segunda avaliación.</li> <li>○ se o resultado é igual ou ata 0,99 puntos inferior ao da segunda avaliación: 1 punto máis que na segunda avaliación.</li> <li>○ Se o resultado supera ao da segunda avaliación, este resultado substituirá ao da segunda avaliación e non poderá ser en ningún caso inferior a 2 puntos máis que na segunda avaliación. O redondeo farase á alta a partir das 6 décimas que excedan da unidade correspondente.</li> </ul> </li> </ul> <p>A cualificación da 3ª avaliación e a da avaliación ordinaria de xuño coincidirán.</p>
<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>Quen non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño terá que facer un traballo de recuperación e entregalo en setembro na data que estableza a dirección do centro. O traballo de recuperación constará de dúas partes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1ª parte: comentarios de texto → Suporá o 70% da cualificación de setembro.</li> <li>• 2ª parte: exercicios de gramática. → Cunha selección destes exercicios farase un pequeno exame cuxa nota suporá o 30% da</li> </ul>



	<p>cualificación extraordinaria de setembro. Se é imposible a realización do exame polas condicións provocadas pola pandemia, corríranse os exercicios entregados polo alumno, e a nota resultante suporá o 30% da cualificación extraordinaria.</p>
<p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p>NON PROCEDE.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades para todos os alumnos, <u>de reforzo e recuperación</u> de contidos, estándares e competencias xa traballados nos dous primeiros trimestres. Algunhas destas actividades non se limitan a repetir os mesmos materiais xa traballados na aula, senón que poden versar sobre contidos parcialmente novos (por exemplo, seguir avanzando cronoloxicamente na análise de textos da Historia da Literatura), pero sen engadir estándares e criterios de aprendizaxe novos, nin habilidades diferentes.</li> <li>• Actividades voluntarias <u>de ampliación</u> para alumnos avanzados que non presentaran problemas de aprendizaxe nos dous primeiros trimestres:             <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Actividades de gramática relacionadas coa análise da oración composta.</li> <li>✓ Actividades de fomento da lectura e expresión oral.</li> </ul> </li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Gravación das clases en videotutoriais que recollen a voz da profesora, máis a escritura manual e mecánica na pantalla, que funciona a xeito de encerado. Permite unha metodoloxía semellante á utilizada na aula física, coa vantaxe de que o alumno pode escoitar a lección as veces que queira e logo preguntar dúbidas, pedir aclaracións ou exemplos adicionais, utilizando como medio de comunicación a propia aula virtual <i>de Google Classroom</i>. Tamén permite inserir imaxes xunto ás explicacións.</li> <li>○ Ademais, proporcionánselles os alumnos todos os materiais (documentos, vídeos, páxinas web, actividades interactivas) necesarios para realizar as tarefas e unhas instrucións detalladas e minuciosas do procedemento que deben seguir. Ata certo punto, simplifícanse os contidos que se verían na clase en condicións normais.</li> <li>○ Por outra parte, adaptámonos á diversidade, tanto de capacidades como ás posibles circunstancias adversas que poidan estar vivindo nos seus lugares de confinamento, establecendo tarefas flexibles e a posibilidade de escoller entre distintas modalidades de traballo.</li> </ul> <p>Todos os alumnos deste grupo dispoñen de equipos informáticos para o seguimento das clases. Se algún tivera problemas puntuais de conectividade pode poñerse en contacto co centro para establecer outro xeito de recibir e entregar as tarefas.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Plataforma de aula virtual <i>Google Classroom</i>.</li> <li>• Ferramenta <i>Educreations</i> para a gravación das clases e realización de videotutoriais por parte da profesora.</li> <li>• Libro dixital de Lingua Castela e Literatura 3º de ESO, a disposición de todos os alumnos por xentileza da editorial Vicens Vives, que o facilita de xeito gratuíto durante o período de confinamento.</li> <li>• Documentos de texto, enlaces a páxinas web, actividades interactivas, vídeos e outros recursos semellantes que a profesora facilita aos alumnos a través da plataforma <i>Google Classroom</i> ou por correo electrónico.</li> </ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O alumnado e as familias poden consultar esta programación na páxina web do centro.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.